

Área: Comité Arbitral**Circular nº 02 – Tempada 22-23**

INCIDENCIAS NOVAS REGLAS

Infórmase a todos os/as membros/as do colectivo de que ante calquera tipo incidencia relacionada coas novas regras de xogo, sobre todo a relativa ao círculo de medio campo, debe reflectirse en acta, pero nunca deberá provocar a suspensión do encontro.

A maioría dos clubs disputan os seus encontros en instalacións de propiedade municipal, autonómica ou privada; é posible que atopemos instalacións nas que o círculo de medio campo non cumpra cos requisitos esixidos nas novas regras, algo que na maioría dos casos se escapa ao alcance dos clubs; por iso debemos reflexalo en acta, para que o comité de competición actúe en consecuencia, pero sempre debemos favorecer que os encontros se desenvolvan con normalidade.

Ante calquera tipo de incidencia os/as árbitros/as deberán facela constar no anexo da acta, pero deben intentar que os encontros sempre se disputen; a potestade sancionadora para determinar si un encontro é válido ou non corresponderá ao comité de competición unha vez revise o acta.

Federación Galega de Balonmán.

En Vigo a 02 de setembro de 2022.